

# Talleres

## Formación para profesionais

centro
coreográfico
galego

XUNTA DE GALICIA

Centro Coreográfico Galego
Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)
Consellería de Cultura e Deporte
Xunta de Galicia

Deseño e maquetación: Uqui IIIII Cebra

Depósito Legal:

O Centro Coreográfico Galego continuando co programa de formación iniciado a pasada tempada para profesionais do ámbito da danza diversifica a súa oferta mirando aos sectores de xestión e mediación cultural, co obxectivo de ofrecer ferramentas de traballo que permitan afrontar a xestión de proxectos de danza con novas ferramentas de traballo enfocadas maiormente ó traballo cos públicos.

No referente á formación dirixida a bailaríns, ofértanse cursos de ballet clásico, danza contemporánea, e adestramento regular de pilates e ioga.

Este ano, o Centro Coreográfico Galego inicia a súa actividade formativa na mediación cultural, cunha serie de cursos e actividades dirixidas a aquelas persoas que se ocupan de establecer canles de comunicación entre os públicos e os artistas (como programadores, xestores culturais ou profesores). Dentro da oferta formativa de mediación cultural prográmanse tamén cursos dirixidos a familiares ou profesionais que traballen con persoas de necesidades educativas especiais, para mostrarlles a danza como unha ferramenta na superación das barreiras comunicativas e de socialización.

Ademais, e coincidindo coa xira da nova produción do centro, ‘Kiosco das almas perdidas’ de Roberto Oliván, realizaranse unha serie de actividades formativas paralelas nos lugares nos que se represente a peza, co fin de ofrecer ao público recursos para achegarse á comprensión da danza contemporánea e, en concreto, ó traballo do coreógrafo convidado polo CCG.

## Ballet clásico

Clase maxistral de ballet clásico con Christiane Marchant

## Danza contemporánea

Composición, improvisación e repertorio na danza contemporánea con Ángels Margarit

Técnica release con Lipi Hernández

## Mediación cultural

As novas relacións cos públicos Medhi Idir en colaboración con Olga Mesa

A danza e o traballo con persoas de necesidades educativas especiais con Laura Rodríguez de Llauder Ubieda (Asociación O Pelouro)

Psicodanza con Carmela Bueno Capeáns e Alejandra Beiras Bastida. (Asociación Igualarte)

Ferramentas para programar a danza con Toni Jodar, Beatriu Daniel, David Márquez e Manel Rodríguez

## Adestramento regular para bailaríns

Pilates con Ana Belén Duro Fernández

Ioga con Erick P. Jiménez Vindas

# Medhi Idir / Olga Mesa

**As novas relacións cos públicos**

Imparte: **Medhi Idir en colaboración con Olga Mesa**

**4, 5 e 6 de abril de 10.30 a 14.00 h e de 15.30 a 19.30 h**

Lugar: **Sala Nasa** (Rúa San Lourenzo, 51-53 B. 15705. Santiago) e **Salón Teatro** (Rúa Nova, 34. 15705. Santiago)

Tipo de Participantes: Profesionais en relación con públicos, con estruturas culturais etc. (profesores, programadores, animadores culturais etc.)

Número de Prazas: 25

Prezo: Gratuíto previa inscrición

Neste taller partimos do exemplo do Parque de la Villette para establecer novas relacións cos públicos. Este centro cultural parisino é unha referencia internacional que desenvolve un importante traballo de relación co seu público. No 2002 creou un 'taller do espectador', que acolle regularmente a persoas en contacto con públicos (profesores, formadores de grupos sociais, profesionais de estruturas culturais…) que queren comprender mellor o espectáculo, para poder transmitilo mellor. Este programa completarase cunha clase de Olga Mesa na que explicará os códigos de acceso ás disciplinas e ás estéticas do espectáculo contemporáneo axudándolle aos participantes a desenvolver as súas capacidades de transmisión da curiosidade e o interese polo espectáculo.



Profesor: **Medhi Idir**

Despois de realizar estudos de musicoloxía na Universidade París IV-Sorbonne, no EHESS-IRCAM e no CNSMDP, Mehdi IDIR ensina durante 10 anos educación musical para alumnos especializados en Colexios e Institutos.

Paralelamente, durante o mesmo período, codirixe unha compañía de teatro a nivel administrativo e político.

Tras pasar pola Reitoría de París no servizo de Acción Cultural, foi chamado en 2001 ao Parc et Grande Halle de la Villette onde por petición do Director de Comunicación e de Públicos, e implanta o servizo de Mediación cultural.

Dende hai dous anos, realiza en dita entidade as funcións de axudante do Director nas tarefas de Programación de Espectáculos para desenvolver e dirixir a política de residencias de artistas.

Profesor: **Olga Mesa**

Estudou danza, música e teatro en España e Francia, e no Merce Cunningham Studio de Nova York. A súa traxectoria como creadora, e incluso referente da danza dunha época, comeza a finais dos 80 cando xunto a Blanca Calvo e La Ribot, funda a compañía Bocanada Danza, e dez anos máis tarde, a Asociación La Inesperada. En 1992 fundou a súa propia compañía en Madrid, creando pezas como o seu aclamado solo estO No eS Mi CuerpO. A maioría das veces Olga desenvolve o seu traballo durante residencias artísticas e coproducións con numerosos festivais e institucións internacionais. A presentación da súa peza no 2001 no Théâtre de la Ville en Paris é o comezo dunha intensa xira por Francia e Europa. Dende 2005 dirixe a asociación *Hors Champ (Fuera de campo).* Até finais de 2006 é artista residente do Théâtre Pôle Sud en Estrasburgo.

## Inscrición

Datas de inscrición: Do 3 ao 28 de marzo

Organiza: Centro Coreográfico Galego en colaboración coa Sala Nasa

## Solicitude de matrícula

Denominación do curso ou taller ..........................................................................................

..........................................................................................................................................

Data ................................................ SOLICITUDE Nº ..................................................................

1º Apelido ..................................... 2º Apelido ..........................................................................

Nome ........................................................ DNI/Pasaporte .......................................................

Data e lugar de nacemento .....................................................................................................

Enderezo .................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

Poboación ................................................................... Provincia ...............................................

Teléfonos ......................................... /..........................................................

Correo electrónico ....................................................................................

Profesión ..................................................................................................

—SOLICITA—

Sexa admitida a súa inscrición ao curso arriba indicado, previa presentación do currículo vitae.

Sinatura

## Inscrición e información

Enviar currículo vitae e solicitude de matrícula ao correo electrónico:
**formacion.ccg@xunta.es**

Unha vez que o Centro Coreográfico Galego lle confirme a súa praza no curso, deberá realizar o ingreso da matrícula en CAIXA GALICIA número de conta 2091.0388.95.3110002055*, co concepto do curso e nome do solicitante. Ademais é necesario enviar o xustificante de pago, fotocopia do DNI, e o documento que acredite o desconto** (fotocopia do carné de estudante, desempregado, carné xove ou xustificante de pertenza a calquera asociación profesional de danza) a:

Enderezo:

**Centro Coreográfico Galego**
**Polideportivo de Elviña**
**Avda. de Glasgow 11, 15008, A Coruña**
**Tel.: 981 134 946 / Fax: 981 138 294**
Correo electrónico: **formacion.ccg@xunta.es**

* Para matricularse no curso de mediación cultural 'A danza e o traballo con persoas de necesidades educativas especiais' o ingreso da matricula (especificando se a opción é con aloxamento ou sen el) debe efectuarse no seguinte número de conta: BANCO SANTANDER 0049.5472.45.2293891013

** 25% de desconto para membros das asociacións profesionais de danza, parados, estudantes e carné xove.

Sinale se desexa recibir información do CCG :

Si ☐ Non ☐

Unha vez que o Centro Coreográfico Galego lle confirme a súa praza no curso, deberá realizar o ingreso da matrícula no nº de conta correspondente e achegando os documentos esixidos.

NOTA: A orde de chegada de cada solicitude corresponderá co nº de rexistro da mesma
PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: De acordo co punto 5.1 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, advírtese da existencia do ficheiro de datos "Rexistro IGAEM", cuxa finalidade e destino correspóndense coa súa xestión. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos devanditos datos, mediante escrito dirixido á Xerencia do IGAEM, sita na Rúa da Vesada, S/N, San Lázaro, CP: 15703 de Santiago de Compostela (A Coruña).



# A XIRA **KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS**

Febreiro

29 de febreiro. Teatro Rosalía de Castro, A Coruña. ESTREA

Marzo

1 e 2 de marzo
Teatro Rosalía de Castro, A  Coruña

7 e 8 de marzo. Centro Cultural Caixanova, Vigo

13 de marzo
Pazo da Cultura, Pontevedra

15 de marzo
Auditorio Municipal, Vilagarcía

20 e 21 de marzo
Laboral Escena, Gijón

29 e 30 de marzo
Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela

Abril

4 e 5 de abril
Auditorio Municipal, Narón

10 e 11 de abril
Teatro Manuel Falla, Cádiz

18 e 19 de abril
Teatro Caser, Reus

25 e 26 de abril
Teatro Central, Sevilla

30 de abril. Teatro Municipal Área Panorámica, Tui

Maio

7 e 8 de maio, Málaga

10 e 11  de maio. Teatro Jofre Ferrol

16 e 17 de maio
Teatro Viriato, Viseu

23 de maio
Teatro Principal, Ponferrada

Xuño

6 e 7 de xuño
Teatro Principal, Ourense

Xullo

11 de xullo
Pazo da Cultura, Carballo



FEBREIRO

1V 2S 3D 4L 5M 6M 7X 8V 9S 10D 11L 12M 13M 14X 15V 16S 17D

MARZO

1S 2D 3L 4M 5M 6X 7V 8S 9D 10L 11M 12M 13X 14V 15S 16D 17L

1S 2D A CORUÑA — 7V 8S VIGO — PONTEVEDRA 13X — 15S VILAGARCÍA

ABRIL

1M 2M 3X 4V 5S 6D 7L 8M 9M 10X 11V 12S 13D 14L 15M 16M 17X

4V 5S NARÓN — 10X 11V CÁDIZ

MAIO

1X 2V 3S 4D 5L 6M 7M 8X 9V 10S 11D 12L 13M 14M 15X 16V 17S

MÁLAGA 7M 8X — 10S 11D FERROL — VISEU 16V 17S

XUÑO

1D 2L 3M 4M 5X 6V 7S 8D 9L 10M 11M 12X 13V 14S 15D 16L 17M

OURENSE 6V 7S

XULLO

1M 2M 3X 4V 5S 6D 7L 8M 9M 10X 11V 12S 13D 14L 15M 16M 17X

CARBALLO 11V

# **CALENDARIO** DE FORMACIÓN | 2008 | **CCG**

- BALLET CLÁSICO **Christiane Marchant**
- DANZA CONTEMPORÁNEA **Àngels Margarit**
- TÉCNICA RELEASE **Lipi Hernández**
- MEDIACIÓN CULTURAL **Medhi Idir / Olga Mesa**
- A DANZA COMO RECURSO PARA O TRABALLO CON PERSOAS DE NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS **Laura Rodríguez de Llauder Ubeira**

18L 19M 20M 21X 22V 23S **24**D 25L 26M 27M 28X 29V **A CORUÑA ESTREA**

18M **19**M **20**X **21**V 22S **23**D 24L 25M 26M 27X 28V 29S **30**D 31L

20X 21V **GIJÓN** **SANTIAGO DE COMPOSTELA** 29S 30D

18V 19S **20**D 21L 22M 23M 24X 25V 26S **27**D 28L 29M 30M

18V 19S **REUS** 25V 26S **SEVILLA** 30M **TUI**

**18**D 19L 20M 21M 22X 23V 24S **25**D 26L 27M 28M 29X 30V 31S

**PONFERRADA** 23V

18M 19X 20V 21S **22**D 23L 24M 25M 26X 27V 28S **29**D 30L

18V 19S **20**D 21L 22M 23M 24X **25**V 26S **27**D 28L 29M 30M 31X

PSICODANZA **Carmela Bueno Capeáns e Alejandra Beiras Bastida**

FERRAMENTAS PARA PROGRAMAR A DANZA **Toni Jodar, Beatriz Daniel, David Márquez e Manel Rodríguez**

ADESTRAMENTO REGULAR NO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO
Pilates **Ana Belén Duro Fernández** (Todos os mércores e venres)
Ioga **Erick P. Jiménez Vindas** (Luns e martes, desde marzo)

**A xira do KIOSCO**

NOTAS

NOTAS

NOTAS

NOTAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM
instituto galego
das artes escénicas
e musicais